

1º de Maio, día internacional da clase obreira **Emprego digno** **Contra a precariedade e a reforma laboral**

Ás portas do Día Internacional da Clase Traballadora de 2001, unha ollada sobre a situación socio-económica apórtanos algunhas claves sobre as que reflexionar:

- * O **incremento sostido dos beneficios empresariais**, altísimos nas grandes empresas e a banca, sendo eses beneficios, xunto coa especulación financeira —e non os cativos incrementos salariais— a causa principal do medre da inflación.
- * A **precariedade contractual** mantense nunha taxa inaceptable, que triplica a dos estados do noso contorno económico, con consecuencias desastrosas para quen ten que aturala —sobre todo a mocidade traballadora— e para o conxunto da economía e a produtividade das empresas. O mesmo cabe dicir do nivel de paro. O ritmo de creación de emprego, en Galiza, camiña a paso de tartaruga en relación ó conxunto do Estado español.
- * Son moitos os **conflictos laborais** nos que a clase traballadora galega se xoga o emprego e a dignidade: Transportes “La Unión”, Sintel, Gesrubber, Álvarez, Concello de Dozón, empregados e empregadas das administracións públicas, ..., ó que hai que engadir a situación de crise á que foron abocados os sectores do agro e da pesca.
- * Atopámonos na pendente dunha **“Reforma” Laboral permanente e interminable**, que diminúe os dereitos laborais, individuais e colectivos. A última, polo de agora, é o Decreto-Lei aprobado polo goberno o 2 de marzo que, ademáis de prorrogar as medidas máis negativas que en 1997 pactaran as cúpulas dos sindicatos de ámbito estatal coa patronal e o goberno, amplía a máis colectivos laborais a aplicación do despido barato, abre novas posibilidades de contratación sen dereitos e desregula o contrato a tempo parcial.
- * As prestacións sociais, a xeito de **pensións e desemprego**, non acadan un nivel digno nen equiparable cos sistemas europeos de seguridade social. Sen embargo, ámbolos dous capítulos veñen producindo enormes excedentes cada ano. O goberno, inda que escenificou a sinatura dun pacto coa CEOE e CCOO, só compromete unhas migallas nalgunhas pensións a cambio de poder continuar desviando ese excedente durante os próximos doce anos (ipode chegar a supoñer a utilización de máis de tres billóns e medio de pesetas!) e garantizándose que no 2003 vai ampliar o período de cotización que determina a base reguladora, desde os quince anos daquela vixentes até toda a vida laboral, co que recortarán o 25/30% do importe das pensións futuras.

Nesta **escalada de agresións ós dereitos laborais**, resulta particularmente desastroso para os intereses obreiros, que as cúpulas dirixentes dos sindicatos de ámbito estatal, nunha actitude derrotista e de entrega, negocien desde a debilidade, con secretismo e sen presionar con mobilizacións, para rematar desarmadas ante a imposición do goberno ou, o que é peor, avalando á dereita en pactos como os de 1996 e 1997, ou o que ven de asinar en solitario CCOO nestes días.

Sabendo que é posible abordar, desde unha posición sindical **reivindicativa e mobilizadora**, outras políticas con medidas eficaces para avanzar na solución dos problemas e non para seguir retrocedendo. Convencidos de atoparmonos no intre en que ou somos quen de para-los pés ó goberno da dereita e a patronal ou sufriremos novas derrotas en forma de perda de dereitos laborais (xá anuncian o ataque á negociación dos convenios colectivos, que pretenden desartellar como instrumento de defensa e mellora da situación de traballadores e traballadoras). Chamamos á clase traballadora galega a **participar activamente nas mobilizacións** do 1º de Maio e, en particular, a quen exercen cargos representativos nos Comités de Empresa e Xuntas de Persoal, a debatir a situación en cada centro de traballo e a pronunciarse en **apoiado da FOLGA XERAL** anunciada pola C.I.G. e pola UGT de Galiza para os días finais do mes de Maio.

Esa será a mellor maneira de rememorar e practicar o contido solidario que encerra o 1º de Maio.

Manifestacións:

VIGO ás 12:00 Cruce Doblada-Urzáiz
SANTIAGO ás 12:30 Praza de Cervantes
A CORUÑA ás 12:00 Praza de Vigo
FERROL ás 12:00 Avenida de Esteiro (Sede CIG)

PONTEVEDRA ás 12:00 Praza da Ferrería
LUGO ás 12:30 Ronda da Muralla (Sede CIG)
OURENSE ás 12:00 Pavillón de Deportes
VIVEIRO ás 12:00 Fontenova

